

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO CONCURSO-DESFILE DO MARTES DE ENTROIDO 2019 NO CARBALLIÑO

1. Obxecto do concurso

O presente concurso ten como finalidade premiar o esforzo, traballo e animación que realizan as agrupación participantes no desfile do martes de entroido, 5 de marzo de 2019 organizado pola Concellería de Cultura do Concello do Carballiño.

2. Participantes

A participación está aberta a tódolos colectivos (asociacións xuvenís, culturais, veciñais, etc.; grupos, pandillas, colexios...) que o desexen.

3. Obrigas dos participantes

- As comparsas inscritas no concello estarán obrigadas a desfilan o martes de entroido, día 5 de marzo estando unha hora antes para a súa organización.
- A organización comprobará no lugar de saída do desfile a presenza das agrupacións conforme a ficha de inscrición presentada.
- Todas as comparsas que participen deberán estar compostas, como mínimo de 15 persoas, sen límite de cantidade máxima.
- Para circular dentro do circuíto pechado ao tráfico, a carroza e o vehículo que a arrastre non estarán obrigados a ter as autorizacións necesarias para aqueles vehículos que sí circulen por vías abertas ao tráfico. Así mesmo non se permitirá a condución de carrozas dentro do circuíto a persoas que presenten síntomas evidentes de estar baixo os efectos de bebidas alcohólicas ou outras drogas.
- As carrozas non poderán exceder unha altura máxima de 3,9 m de altura.
- Estará prohibido utilizar calquera animal vivo e/ou elemento que se considere perigoso sen o permiso correspondente por parte da organización. Para elo, debe facelo constar no momento da inscrición os permisos correspondentes. Deberase facer constar a categoría dos elementos pirotécnicos (categoría I ou II) e só se poderán facer uso dos mesmos na Rotonda da Alameda.
- A asistencia ao acto de entrega de premios que terá lugar o propio día do desfile.
- Cada comparsa farase responsable dos seus actos e deberán obedecer as instrucións que se lle indiquen dende a organización, Policía Local e Protección Civil durante todo o percorrido. O Concello do Carballiño non se fai responsable dos danos morais ou materiais que, así mesmos ou a terceiros ocasionen os participantes.

4. Inscrición e prazo

As inscricións faranse no Departamento de Cultura do Concello nun prazo improrrogable **ata o día 1 de marzo de 2019 en horario de oficina (de 9 a 14 horas) e presentaranse no rexistro municipal**, a partir do día seguinte ó da publicación do extracto da presente convocatoria no BOP trala comunicación efectuada para o efecto na Bases de Datos Nacional de Subvencións (BDNS). Para calquera consulta poderán chamar aos teléfonos 662198 615 ou 988 530 007, ext. 29.

Os solicitantes deberán presentar a seguinte documentación que non obre no poder da administración.

Entidade legalmente constituída:

- Solicitud de inscrición
- Fotocopia do CIF
- Fotocopia do DNI do representante legal da asociación.
- Certificación bancaria do nº de conta (deberá coincidir cos datos da solicitude)

Entidade NON legalmente constituída: Enténdese como tal aquela agrupación de persoas que carecen de personalidade xurídica e que non obtivesen o correspondente CIF en Facenda. As actuacións con estas agrupacións faranse coa persoa que se destine como representante ou solicitante e que será a que asuma a totalidade das responsabilidades fiscais e ante o Concello pola participación nesta convocatoria.

- Solicitud de inscrición.
- Fotocopia do DNI do representante legal da agrupación.
- Certificación bancaria do nº de conta (deberá coincidir cos datos da solicitude)
- Relación de persoas que integran a agrupación con nome e apelidos de todas elas.

O departamento de cultura xestionará de oficio a comprobación de estar ao corrente das obrigas fiscais coa administración local, tanto as legalmente constituídas como os representantes das restantes agrupacións.

5. Procedemento de concesión

O procedemento de concesión será o de concorrencia competitiva.

A instrución do procedemento corresponderalle aos servizos administrativos da Concellería de Cultura.

Unha vez rematado o prazo de presentación de inscricións o órgano de instrución comprobará a corrección da documentación administrativa achegada, e remitirá ao xurado a relación de participantes cuxa documentación estea correcta e fora presentada en prazo para a súa valoración e posterior emisión da correspondente acta.

6. Crédito presupuestario

Para este concurso a Concellería de Cultura establece os seguintes premios con cargo a aplicación ozamentaria correspondente.

Establécense os seguintes premios:

1º Premio: 1.300 euros	5º Premio: 350 euros
2º Premio: 1.000 euros	6º Premio: 300 euros
3º Premio: 800 euros	7º Premio: 250 euros
4º Premio: 400 euros	8º Premio: 200 euros

- 12 accesits de 120 euros ás comparsas que non acaden ningún dos premios anteriores.

- Un premio especial de 300 euros para a mellor comparsa que acade a maior puntuación. O xurado neste caso estará composto por un representante de cada comparsa que participe no desfile, que deberán seleccionar cun voto á que consideren mellor comparsa. Os criterios a ter en conta serán os mesmos que os estipulados na base de esta convocatoria. Levantarase acta unha vez feito o reconto da puntuación dende o departamento de cultura.

- As cinco primeiras comparsas gañadoras terán nun incremento de 250 euros cada unha delas, sempre que participen no desfile do día 10 de marzo, Domingo de Piñata. Dada a non obriga da participación neste desfile, en caso de que algunha delas non desexe participar, poderáselle ofrecer á seguinte na clasificación.

Aos premios aplicaráselle as retencións correspondentes segundo a lexislación vixente e poderán ser compatibles con outros para o mesmo fin.

7. Criterios de valoración

O sistema de puntuación que o xurado utilizará no concurso estará composto polos seguintes apartados e puntuacións:

- Orixinalidade: de 0 a 5 puntos
- Disfraz e maquillaxe: de 0 a 5 puntos
- Posta en escea: máximo 15 puntos
 - Empatía co disfraz: de 0 a 5 puntos
 - Acompañamento musical: de 0 a 5 puntos
 - Coreografía e animación: de 0 a 5 puntos
- Número de compoñentes: máximo 5 puntos (15 minutos antes de iniciarse o desfile procederase ao reconto)
 - de 15 a 40 compoñentes: 1 punto
 - de 41 a 60 compoñentes: 2 puntos
 - de 61 a 80 compoñentes: 3 puntos
 - de 81 a 100 compoñentes: 4 puntos
 - Máis de 100 compoñentes: 5 puntos
- Carroza: máximo 5 puntos (non se considera carroza un vehículo ou unha moto).
 - Desfile con carroza: 1 punto
 - Calidade: de 0 a 2 puntos

- Orixinalidade: de 0 a 2 puntos

Máxima puntuación total: 35 puntos.

En caso de empate na puntuación final de dúas ou máis agrupacións terase en conta o criterio do número de compoñentes.

8. Xurado

O xurado valorará as comparsas ao logo do desfile e estará formado por:

- Concelleiro de Cultura como presidente
- Un membro de cada grupo político con representación no Concello
- Un representante do comercio.
- Un representante do movemento veciñal
- Un representante do ámbito cultural

Actuará como secretario/a un/unha traballador/a do Concello do Carballiño.

En calquera dos premios poderanse declarar desertos e se o xurado o considera oportuno. Dita decisión será inapelable e farase pública coa lectura da acta despois do desfile no baile de disfraces a celebrar o mesmo día 5 de marzo.

9. Resolución de concesión

A decisión do xurado elevarase ao órgano competente para aprobalo. O órgano competente poderá rexeitar aqueles premiados que non cumpran coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de 6 meses nos termos establecidos nos artigos 25 e 26 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e nos artigos 62 e 63 do seu regulamento e en ningún caso poderá exceder do 30 de novembro de 2019.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso potestativo de reposición ante a propia Xunta de Goberno no prazo dun mes ou directamente ante o orde xurisdiccional contencioso-administrativo recurso Contencioso-Administrativo no prazo de tres meses dende a notificación da mesma.

10. Xustificación e pagamento

Unha vez ditada resolución polo órgano competente, procederase ao pagamento vía transferencia bancaria ao número de conta proporcionado polos representantes das comparsas gañadoras.

11. Aceptación das bases

A participación no concurso comporta a aceptación das presentes bases, sendo excluído todo aquel participante que incumpla as mesmas.

12. Información sobre tratamento de datos persoais.

En cumprimento do establecido no artigo 13 do Regulamento UW2016/676 do Parlamento Europeo e do Concello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación deste datos, infórmase aos interesados dos seguinte: os datos persoais serán incluídos nun ficheiro xestionado polo Concello do Carballiño coa finalidade de estadística. O representante da agrupación poderá exercitar en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición recoñecidos na Lei Orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais mediante correo electrónico a concello@carballino.gal ou por correo ordinario ó Concello do Carballiño (Praza maior, 1 C.P. 32500 O Carballiño).

Documento asinado electronicamente por Francisco J. Fumega Piñeiro, alcalde do Concello do Carballiño.